

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE XULLO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de xullo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 28 de xuño de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Blanco Toiriz S.C.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 4 de xuño de 2024 (RE-E núm. 303), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	BLANCO TOIRIZ S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE TOIRIZ, PARROQUIA DE ARNEGO
REPRESENTANTE	EFIGALIA ENERGY S.L.
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN SOLAR ILLADA DA REDE DE 5,85 KWP
LUGAR	TOIRIZ
PARROQUIA	ARNEGO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A139002440000LP
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Diego Mazaira Rodríguez, en data 30/05/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	12.000,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	OITO (8) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/07/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS CORENTA EUROS (240,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”***

De conformidade co establecido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José M<sup>a</sup> Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

#### **4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Isabel Varela Vázquez, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o presente mes de xullo. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 19 e 26 de xullo do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora Isabel Varela Vázquez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## ***5.- CONCESIÓN DA TERCEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024***

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22/01/24. Con data 15 de marzo do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 382, do 25/03/24).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 02/07/24, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a terceira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	400,00 €	Uso da vivenda (alugueiro) e pagamento de alimentos e produtos farmacéuticos
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	400,00 €	Pagamento de subministracións básicas (gasóleo)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2024. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- BEGOÑA VÁZQUEZ LÓPEZ 3.950,00 €

Por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2024, s/cargo.

- PATRICIA HERMIDA DEZA 3.950,00 €  
Por asistencia a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- CONCEPCIÓN ISOLINA SOMOZA CALVIÑO 750,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- ELENA GAMALLO MOURE 750,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- PABLO CUÑARRO FERNÁNDEZ 750,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- JESÚS LÓPEZ DIÉGUEZ 450,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ 450,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2024, s/cargo.
- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 525,14 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7DM0001549 e TA7DM0001550 (FACe).
- TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-G4DD-054125 e 28-E4DD-091928 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 6.073,82 €  
Por seguro anual da póliza de responsabilidade civil municipal, s/factura núm. 75202419900020005243 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 79,56 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 79,56 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ALBOR GONZÁLEZ 73,44 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 73,44 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.250,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de xuño de 2024, s/factura núm. 0024/0000020 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L 140,00 €  
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 24FV 821.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 417,71 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 32/24.
- MIGUEL CONDE VALES 418,18 €  
Por traballos de reparación de punto de alumeadado público en Casar de Seta, s/factura núm. S-201800541.
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 586,70 €  
Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/facturas núm. 24-LAL/1912 (FACe).
- MIGUEL CONDE VALES 950,23 €  
Por instalación de anclaxes para o concurso gandeiro da iniciativa “*Sabor Labrego*”, s/factura núm. S-201800537.

- MÁIS ESCOLA S.L. 1.634,71 €  
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal no mes de xuño de 2024, s/factura núm. FA/759 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.169,34 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041278617 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)